

Xabier Mendiguren

Crebar fronteiras: presente e porvir

0. AS NOSAS VERGOÑAS EN COIROS

BENQUERIDOS COMPAÑEIROS, AMIGOS E AMIGAS: Podería principiar decindo que veño dun lugar no que a liberdade de asociación, de expresión, de reunión e manifestación rigorosamente acoutadas, cando non vedadas; que no meu país aturamos un estado de excepción encuberto, que asemade agocha plans de etnocidio inda moito máis perigosos. Si a miña pel fora un chisco máis moura, amarela ou cobreada, si tivera os ollos esgazados ou un traxe exótico, certamente sentirían Vostedes algo de indignación e moita mágoa, e como persoas sensibles e cidadáns do universo civilizado berrarían: "¡Por Deus! ¡Que barbaridades acontecen por ises mundos!".

Emporiso, eu son quen son, teño o aspecto que teño, e vostedes saben perfectamente de onde veño. Por todo elo estarán sorrindo, con algo de solidariedade istes vascos;". Así que non vou a insistir nesas circunstancias que, ende mal, son doorosamente certas e influen notablemente no noso traballo; deixo, con todo, constancia das mesmas.

1. DUCHA FRIA

Crebar fronteiras: velaí os soño de calquer escritor. Algo que, nos tempos nos que se fala de globalización, semella ó alcance de todos, o destino inexorable de todo aquel que escriba calquera cousa merecente de terse en conta, pedra angular onde se mide a calidade, o interese, a transcendencia dunha literatura. Non embargante, non é así. Si falamos de quebrar fronteiras é porque esas raias existen, e non só fronteiras políticas, senón tamén lingüísticas. En calquera disciplina artística (danza, pintura, música clásica) é custoso superar distancias, choutar por enriba das fronteiras e acadar o recoñecemento internacional; canto máis non o será neste humilde eido noso que ten a lingua como inevitable e insubstituíble materia prima.

Aritméticamente é desatinado inaxinar que os froitos literarios de cada unha das linguas vaian a ser consumidas en todas ou na maeirande parte das demais linguas faladas no mundo. Unha simple observación advírtenos que a inmensa maioría dos escritores de tódolos tempos foron lidos soamente na súa propia lingua, e o sentido común sinálanos que no porvir as cousas seguirán sendo así. Non é que lle queira botar a alguén un xarro de auga fría: é un baño de humildade e realismo: saber onde pisamos para calacular onde podemos chegar.

2. FREGAS TONIFICADORAS

Sen ambargo, malia a todo o dito, a internacionalización de nosa literatura é un desafío que debemos encarar e achanzar, con intelixencia e refúsia. Son moitas as razóns que nos turran cara esa rota, non faría falla esmiuzalas, mais permítideme que, con afiuzado criterio pedagóxico, aquíño en tres grupos ós beneficiarios deste proceso: o primeiro beneficiario é, sen ningunha dúbida, o propio escritor, tanto dende o punto de vista económico coma de albenda persoal: todo autor desexa ter o meirande número de lectores, ateigar os seus soños, influir nos seus pensamentos, moldar a súa sensibilidade; quizabes sexa unha cobiza desmandada, pero quen carece dela non brinda a meirande parte do seu tempo á invención de mundos, xuntar varbas o recrear historias. En segundo termo, a comunidade á que pertence o escritor recibe, aínda que non dun xeito inmediato, unha tanda de ventaxas: un certo prestixio, un nimbeiro, o ser máis coñecido e recoñecido nos círculos culturais, e tamén, en certo modo, ver reflexadas noutras linguas as súas propias realidades,

percepcións, singularidades.

Ademais distes dous beneficiarios, máis ben obvios, existe un terceiro: o patrimonio cultural internacional, a propia humanidade. Isto pode semellar unha boutade ou xesto de altiveza destemida, así que o explicarei con máis polo miúdo e algun que outro exemplo: se o amigo e testamenteiro de Frank Kafka, Max Brod, houbera cumprido cos desexos daquel e queimado tódalas súas obras inéditas, o principal perxudicado non houbera sido Kafka, nin a cidade de Praga, nin a literatura alemana, senón cada un dos lectores dos cales a percepción das cousas houbérase visto alterada ou arrequeitada pola lectura dos seus textos; esa falla houbera sido a mesma para todo aquel que non fale alemán, se nunca se houberan traducido a outras linguas A Metamorfose, O Castelo, América, O Proceso etc. Isto, que dito sobre Kafka, fica moi bonito, moderno e políticamente correcto, vale tamén, segundo a miña opinión, para moitos autores das nosas literaturas, por modestas e minoritarias que sexan: a ollada que un pousa sobre o xénero humano non é exactamente a mesma antes ou despois de ter lido Cousas de Daniel Castelao; nin é igual a dignidade que un lle outorga a unha sinxela dependenta após da lectura La plaza del diamant de Marçè Rodoreda; e un acto de resistencia adquire outra grandiosidade despois de escoitar Nire Aitaren Etxea, A Casa do Meu Pai, de Gabriel Aresti. Mencionei a tres, podería facelo con outros, pero seguro que son moitos máis os que descoñezo: autores dos cales a tradución e espallamento ancharía os horizontes de moitísimos lectores e o descoñecemento dos cales, polo tanto, fai máis estreita e máis plana a nosa existencia.

3. O ATLETA CORRE EN SOLITARIO

Despois de afanarme por convencer das bondades da tradución á quen non precisaba disto porque xa estaba persuadido, introducímonos no miolo da cuestión: e como diaños se acaba iso de escachar fronteiras?. Sempre que nos enfrontamos a un problema que sobarda as nosas capacidades e que non sabemos como resolver, recorreremos - alomenos acontece así no meu país cada vegada que se plantexa calquer asunto vencellado ca normalización lingüística - a un amaño que ten máis de fetiche que de panacea: a planificación. "Hai que planificar -coméntase entre nós -que autores traducimos, que títulos, que xéneros, a que linguas, cantos ó ano...". Máis tarde matizarei o que agora digo, pero en principio quero disentir. Non porque crea nas virtudes do mercado ou nas bondades do autoregulación. De ningunha maneira. Pero do mesmo xeito que a escritura é un acto fundamentalmente individual, asociado íntimamente ó caletre e á sensibilidade do escritor, a difusión da súa obra estará inevitablemente vencellada a unha ringleira de causantes inagoirables: o contacto persoal dise escritor con outros escritores ou tradutores noutras linguas, a complicidade persoal ou amizade que poida crearse entre eles, o grao de engaiolamento que a obra orixinal enxergue no escritor ou traductor amigo, a capacidade de convencemento diste sobre o editor que poida arrufar a publicación da tradución....

Son imponderables de máis, e por iso creo na importancia do factor persoal, anque iso marxine ós escritores que non cultivamos as relacións sociais internacionais. Sempre foi así e non hai porque confundirse. Un plano quinquenal, apoiado por un orzamento público xeneroso máis que esquecera ista fasquía informal das relacións interpersoais, podería levarnos ó despropósito de contar con dúcias de traducións noutros tantos disquetes, pero sin editor que se animase a publica-las, ou con edicións dabondo subvencionadas que ninguén valorase.

4. AS NECESARIAS INFRAESTRUCTURAS

Antes de que ninguén me rife, eu mesmo vou a contradecirme: se só afiuzamos no

feeling que poida agromar nos encontros xurridos ó chou ou ó bon facer do propio autor, non temos ren que rascar; o neoliberalismo resulta desastroso para as linguas minoritarias, e o noso teimoso afán ten que ser axudado polas políticas activas, ben pensadas e organizadas. Non vou fornecer aquí un esquema preciso e pechado das estruturas necesarias para a nosa tarefa, entre outros adaxos porque as circunstancias particulares de cada cultura influirán notablemente na caracterización das mesmas (por exemplo non é o mesmo xugar con unha lingua románica a face-lo con unha que tipolóxicamente nada ten que ver con outras linguas coñecidas). Simplemente sinalarei algunhas das cuestións ás que deberemos responder, o que non será sempre doado. Espero que sexan proveitosas para o debate.

-Apoiáse resolta e declaradamente a internacionalización dunhos poucos escritores con maior calidade e proxección cara ó exterior, ou ofrécense as mesmas condicións a todo autor que cumpra unhas mínimas.

-óptase pola proximidade xeográfica e cultural para logo espallarse en círculos concéntricos, ou percúrase chegar directamente ós núcleos de maior influxo. Axeitado ó noso caso: encetamos por traducir ó español e despois xa se verá, ou imos a polo mercado en inglés (ou a polo alemán).

-Partimos de facer un número amplo de traducións, aínda sen ter a seguridade de atopar editor, ou poñemos a entoación na procura de editorial para cada texto que queiramos promocionar.

-A cuestión cabdal é, por suposto, se contamos ou non con axudas, e cal é a monta das mesmas. Pero se temos un apoio financeiro debemos preguntarnos como artellamos esas axudas, quer dicir, ¿debemos deixar que sexan as institucións as que regulen como millor poidan ou saiban unha serie de incentivos para a tradución a outras linguas? ¿Compre que sexan asociacións coma a de escritores ou a de editores quenes tomen as decisións?

¿pode optarse por outro tipo de organismo ou fundación creado ad hoc? ¿Como avaliamos os resultados?.

As preguntas poden ser moitas máis, por suposto, pero diste xeito multiplicaríamos as resposts deica o infinito, cos conseguintes problemas para organizar o debate.

Hai na nosa lingua un vello adaxio co que o orador adoitaba rematar a súa intervención: "Gaizki esanak barkatu, eta ongi esanak gogoan hartu", isto é, "perdoen o que puiden dicir trabucado e fiquen cérremes co atinado". Moitas gracias pola súa atención.